



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA




Tribuna Pública leva ao espazo común un amplo programa cultural e social que pretende concienciar e implicar á cidadanía na recuperación dos terreos portuarios

A futura instalación temporal, xunto á Fábrica de Tabacos, configurará un punto de encontro aberto á participación artística, asociativa, política, deportiva e festiva

A Coruña, 5 de decembro de 2018. Encadrada no proxecto municipal **Tecendo Litoral**, TRIBUNA PÚBLICA nace como proposta social e cultural co obxectivo de concienciar á cidadanía da Coruña sobre a súa necesaria implicación a respecto da recuperación dos terreos portuarios e o seu futuro como espazo de interese público.

Se o Foro Tecendo Litoral, liderado por las concellerías de Rexeneración Urbana e de Participación e Innovación Democrática, deu voz o pasado mes de abril ás inquedanzas de distintos axentes sociais sobre o futuro do bordo costeiro, cómpre agora animar e estender a pé de rúa este debate, coa participación da Concellería de Culturas e a Fundación Luís Seoane neste novo proxecto.



TRIBUNA PÚBLICA pretende exemplificar o vínculo secular entre a cidade e o porto, verdadeiro sinal de identidade da Coruña. Como expresión desta ligazón permanente, optouse por darlle contido e significado á explanada situada entre a antiga Fábrica de Tabacos e a Casa do Mar, fronte á Lonxa do Gran Sol e preto da estación de mercadorías, elementos que representan boa parte da historia e a vida cotiá da cidade.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA



TRIBUNA PÚBLICA presentárase ante a cidadanía cos actos inaugurais que se celebrarán nos días 8 e 9 de decembro, previos ás obras de instalación do pavillón temporal que comezarán a partir do día 10. Trátase dunha estrutura arquitectónica sinxela e lixeira, cuberta e de acceso aberto, facilmente adaptable á multiplicidade de usos previstos desde a segunda quincena de decembro ata xuño de 2019.

Como punto de encontro cidadán, TRIBUNA PÚBLICA acollerá nese espazo común e independente un amplo repertorio de actividades directa ou indirectamente relacionadas coas reivindicacións sobre o bordo litoral, e aberto á incorporación de diferentes entidades cidadás:


- Encontros de organizacións de barrio e outras entidades locais, como a confraría de mariñeiros, organizacións ecoloxistas, asociacións en defensa dos dereitos da poboación inmigrante, de reivindicación da memoria da cidade, de representación do colectivo LGTBI, grupos e organizacións activistas independentes, entre outras.
- Conferencias e debates de carácter cultural e sobre temas de actualidade referidos a cidade.
- Eventos culturais: concertos, exposicións de carácter documental, encontros poéticos e literarios, cultura urbana.
- Actividades extraordinarias da UDC e da Universidade Senior.
- Festas populares (verbenas, concertos, actos de entroido)
- Eventos sobre gastronomía de proximidade.
- Ciclos de cine.
- Exposición e difusión de rexistros documentais e orais da memoria da cidade.
- Presentación oral á cidadanía dos proxectos presentados ou preseleccionados no concurso *Tecendo Litoral*.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
> PRÓXIMA



PROGRAMA INAUGURAL

TRIBUNA PÚBLICA

8-9 Decembro 2018

Este programa inaugural artéllase como un preámbulo ao proxecto social e cultural que se desenvolverá na Praza da Fábrica de Tabacos entre a segunda quincena de decembro de 2018 e xuño de 2019 arredor do proxecto TECENDO LITORAL.

O propósito deste programa inaugural é o de “significar” a praza, un espazo público relativamente novo, malia situarse entre dúas institucións senlleiras da cidade, a antiga Fabrica de Tabacos (hoxe Audiencia) e a Casa do Mar, e dotado dun profundo compoñente simbólico e identitario, que con todo foise diluíndo nas últimas décadas pola inercia da súa propia configuración urbana.

Nestes primeiros días de apertura da praza queremos insistir na idea de reconquistar o espazo público para uso e goce cidadán, tanto desde unha perspectiva social e asociativa, como a través dunha serie de eventos artísticos que tomarán a praza como un escenario para a investigación a través do corpo e da voz.

8 DECEMBRO, sábado

12h.

FALADOIRO PÚBLICO: Dar voz á cidadanía

Interveñen:

Iago García, mariñeiro

Javier Mariñas, mariñeiro

Xosé Lois Martínez, arquitecto e urbanista

Isabel Risco, actriz

Lola Rodríguez, cigarreira xubilada

Emilio Vega, veciño dos Castros



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PRÓXIMA



17h.

FACERCHE XUSTIZA: Confedrama a cargo de Javier Peñafiel

Peñafiel, artista e pensador, incorpora no seu traballo –a través do que el mesmo denomina “confedramas”- un discurso “outro” e diferenciado –resistente- fronte ao carácter imperativo instalado de forma dogmática na nosa vida cotiá. A peza expónse como un percorrido de costas ás dúas entidades que rodean a praza: a actual audiencia e o mesmo porto. Darlles as costas –negalas- salienta a súa significación como un espazo desaparecido (Fábrica de Tabacos) e outro en risco (porto). Con esta peza abordaranse os paradoxos que a linguaxe nos brinda: Tribuna/tribunal e Audiencia/audiencias.

20h.

ANTHESIS: Performance e electrónica

Corpo: Javier Martín

Sintetizador modular: Artur M Puga

Martín, axudado por outros axentes vinculados ao proxecto, comezará o seu traballo a partir dun exercicio de sinalización e dimensión na praza. Utilizando unha cinta americana de cor amarela, irase marcando no chan da praza de tabacos o espazo perimetral onde uns días máis tarde se instalará a estrutura arquitectónica. Ao mesmo tempo que sucede esta acción colectiva, irase montando o equipo de son necesario para a parte musical. Unha vez rematada esta parte procesual comezará a coreografía por parte de Javier Martín e a sesión de música electrónica a cargo de Artur M Puga. A coreografía salientará tamén o espazo delimitado pola cinta.

9 DECEMBRO, domingo

13h.

PÚLSAR: Coreografía a cargo de Javier Martín e batería de Luis Casanova



Con esta segunda peza coreografiada de Javier Martín, vólvese a insistir na praza como espazo público entendido desde a perspectiva dun corpo físico e social.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA



TRIBUNA PÚBLICA